



Os Decretos de Nova Planta

Inclúe a Pregunta para desenvolver nº7:
Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos

2º Bach. - IES Mendiño - 2024/2025

Prof. Xosé Díaz Alonso

NUEVA PLANTA
DE LA
REAL AUDIENCIA
DEL
REYNO DE MALLORCA

Establecida por su Magestad
con Real Cedula de diez y seys

Decretos de Nova Planta

Decretos de Nova Planta

- ♦ **Felipe V de Borbón** foi coronado como **novo rei de España** no ano **1700**, aínda que despois se iniciara a Guerra de Sucesión.
- ♦ A Monarquía Hispánica era un **conglomerado de reinos**, cada un dos cales tiña leis, foros e institucións diferentes.



COMPENDIOSA HISPANIA REPRESENTATIO
DIE KÖNIGREICH SPANIEN u PORTUGALL
mit Ihren PROVINCIEN

Gemeine Französische Meilen
Gemeine Teutsche Meilen
Große Französische oder Eine Stunden Reiten.

DER GROSSE WEST OCEAN.
oder DAS ATLANTISCHE MEER

MARE MEDITERRANEUM
MITTEL-LÄNDISCHE MEER.

Gabriel Bodenschur fecit et Excudit, Cum Gratia et Privilegio Sac. Cas. Majest.

Decretos de Nova Planta

- ♦ Os Decretos de Nova Planta forman parte dun **programa de reformas políticas e administrativas** de Felipe V.
- ♦ O obxectivo era establecer unha **maior centralización do poder político e a unificación lexislativa e institucional**.



Decretos de Nova Planta

- ♦ Durante a Guerra de Sucesión fóronse **abolindo os privilexios forais dos territorios da Coroa de Aragón** (Aragón, Cataluña, Valencia e Mallorca), partidarios de Carlos de Habsburgo.
- ♦ As vitorias de Felipe V permitiron que fora imponendo as leis de Castela en todos os reinos.



Decretos de Nova Planta



J. Rigaud inv.

The Assault on the main body of the Place.

Parr Sculp.

The Bastion being taken, the Assaults push Saps forwards to the Wall which shuts the gorge of the Bastion, & charge their Mines in readiness: They make breaches with their Cannon in the Battlements, & summons the Besieged to deliver the Place, in case of refusal which is not frequent after such Advances are made, the Besiegers prepare for a general Assault. They spring their Mines, pass over the ruins of the Breaches, & push the Enemy to the grand Retrenchment, which covers the inside of the place, which they Attack in several parts at once. As the Forces are cut off or advance forwards they are supplied with fresh ones, so that there are always Battalions which possess the Breaches, the Dutch, the Lodgment on the covert Way: and when the grand Retrenchment can't be forc'd, they lodge themselves on the Rampart, or at least on the Breach.

Decretos de Nova Planta



Decretos de Nueva Planta



Decretos de Nova Planta

- ♦ Cos Decretos de Nova Planta, os reinos aragoneses perderon a súa autonomía, sendo sometidos aos **modelos casteláns**:
- ♦ As *institucións particulares aragonesas* (Cortes, Deputacións, Consellos, Generalitat) foron **suprimidas**.



Decretos de Nova Planta

- ♦ Os vicerreis foron substituídos polos ***capitáns xenerais*** (rebaixando as súas atribucións).
- ♦ Os ***concellos*** foron sometidos á ***autoridade dos correxidores***, e introducíronse os ***intendentes***.



Decretos de Nova Planta

- ♦ Os tribunais foron modificados coa **creación das Audiencias** en Zaragoza, Valencia, Barcelona e Mallorca, imitando as de Castela.
- ♦ O **dereito público** aplicado será o castelán (aínda que pervive o civil catalán), e o **castelán** pasa a ser a lingua da Administración.



Decretos de Nova Planta

- ♦ Ao perder as súas institucións, Aragón perde a capacidade de limitar ao rei para cobrar novos tributos. Queda así ***sometido á lexislación tributaria castelá.***
- ♦ Impuxéronse tamén as ***quintas para o reclutamento*** de soldados, das que antes os aragoneses estaban excluídos.



Decretos de Nova Planta

- ♦ No terreo económico, os territorios aragoneses saen favorecidos destes cambios.
- ♦ Debido á supresión das aduanas interiores, os comerciantes cataláns puideron expandirse, iniciando o seu despegue económico.



Decretos de Nova Planta

- ♦ Cos Decretos de Nova Planta **incrementouse o centralismo borbónico**, cunha **maior uniformización dos territorios**.
- ♦ Aínda así, **subsistiron numerosos particularismos** (Navarra, provincias vascas...) grazas ao apoio dalgúns territorios á causa borbónica.





Ánimo co estudo!